



## A programación das Radios Municipais Galegas

Hoxe é Mércores 20 de Febreiro de 2013

Radiofusión en directo

Actualidade

Participa

Programas

Emisoras

Cóñecemos

### Actualidade > Ficha da nova

Ficha da nova

Enviar comentario

## O Toxos e Froles convoca o II Concurso de Cuartetos

Kepa Junkera e o grupo castelán La Musgaña estarán en Ferrol no mes de abril, dentro da proposta musical do Toxos e Froles para a primavera que remata o 1º de xuño coa celebración do 98 aniversario do Real Coro. Consólidase o Concurso de Cuartetos tradicionais instaurado polo Toxos e Froles. O Sábado 23 de Febreiro ás 20:30 horas vai ter lugar a segunda edición. O II Concurso de Cuartetos Tradicionais organizado polo Real Coro "Toxos e Froles" xa ten a selección dos grupos participantes: Xente Nova de Ferrol; Vedoira de Lugo; Os Picurruchos de Lugo e Angazo de Ourense.



Kepa Junkera

**Sociedade** • 19/02/2013 • Autor: Redacción

O premio para o grupo gañador está dotado de 1.200€ e trofeo. Ademais, a cada cuarteto participante se lle fará entrega dun diploma de participación. Mentras delibera o xurado actuará o Grupo de Cantareiras "Algarabía" da Asociación de Veciños de Lago. Esta será a segunda proposta cultural e musical que se desenrola dentro das Xornadas Culturais Abertas posta en marcha polo Toxos neste ano 2013; e que terán continuidade nos vindeiros meses. Así, o 23 de Marzo actuará o cantareiro e percusionista, Davide Salvado, co seu novedoso xeito de entender e representa-la música tradicional.

No mes de Abril, o día 27 estarán no Toxos, dous dos mellores expoñentes da música tradicional, cunha importantísima traxectoria internacional. Dende Euskalerría, Kepa Junkera á trikitixa e o grupo castelán "La Musgaña". Os actos terán lugar no primeiro andar do Local Social do Real Coro "Toxos e Froles" na rúa Magdalena 220. A entrada é libre.

E o 1 de Xuño celebrarán o Festival do 98 Aniversario no Teatro Jofre, no que participarán, ademais do Real Coro "Toxos e Froles", "Cántigas da Terra" de A Coruña e o "Rancho das Rendilheiras da Praça" de Vila do Conde (Portugal). Nesta data, ademais conmemoran os 40 anos de irmanamento das cidades de Ferrol e Vila do Conde.

Compartir |



Me gusta 6

Buscar novas e arquivos

Buscar

Publicidade

**dixital**  
**terra chá.xa**

Axenda

RadioFusión no Facebook



Enquisa

Quen son os culpabeis da crise económica?

- Os banqueiros e as grandes inmobiliarias (65.7%)
- A corrupción política (30%)
- A escasa produtividade (4.28%)

Votar

Últimas descargas MPEG audio

[Gumersindo Galego](#)

[Gonzalo Beceiro](#)

[Nesy Otero](#)

[Breogán González, de Víchelocrego](#)

[Conversa con Xan Pouliquén, en torno á agricultura ecoloxica](#)

[O profesor Henrique Monteagudo explica os motivos do Chamamento polo galego](#)

[Pablo Brage](#)

[Hadriana Ordóñez, concelleira de Cultura de Rianxo, debulla o Ferveiro Amarzo](#)